

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE CONVOCA PROCESO DE SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE DIRECTOR DE ÁREA E SE APROBAN AS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE HAN DE REXER DITO PROCESO

Consonte co disposto no artigo 17.17º do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos galegos para a constitución do CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, corresponde ao Comité Directivo do Consorcio “***o establecemento das bases para a selección do persoal, así como a aprobación do cadro de persoal, as súas modificacións, a relación de postos de traballo, e a fixación da contía das retribucións***”.

Por acordo do Comité Directivo de 2 de outubro de 2006 delegáronse na Xerencia o establecemento das bases para a selección de persoal, elaboración do cadro de persoal, RPT dos equipamentos de inmediata apertura para a súa aprobación e posterior resolución do presidente, así como a contratación do persoal de acordo coas bases, cadro de persoal e orzamento aprobados.

Por todo isto, a Presidencia do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar aprobou as seguintes bases xerais de aplicación á convocatoria para a selección dun/dunha director/a da área de igualdade e dun/dunha director/a da área de benestar.

BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE DIRECTOR DE ÁREA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E DO BENESTAR

I.- Normas xerais

1.1. Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a selección e contratación por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de

- Un/unha director/a da área de benestar
- Un/unha director/a da área de igualdade

1.2. Requisitos das persoas candidatas

1.2.1. Para a súa admisión á realización das probas selectivas, as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar as persoas que, sen estaren incluídas nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, por seren titulares dun documento que as habilite para residir e para poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia poderá participar quen se atope en situación de residencia temporal, en situación de residencia permanente, ou en situación para residir e traballar, así como as persoas refuxiadas.

b) Idade: Ter a capacidade para contrata-la prestación do seu traballo de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

c) Titulación: estar en posesión do título ou estar en condicións de obter o título académico e os requisitos que se fixen para cada unha das categorías que

figuran no anexo I, todo iso, sempre antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

d) Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectada/o por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non estar separada/o do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitada/o por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. As/os aspirantes que non tiveren a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidas/os a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Lingua galega: acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia. A acreditación do coñecemento escrito da lingua galega farase por medio da presentación do certificado acreditativo da realización do curso de perfeccionamento de lingua galega, ou, no caso de non o posuír, mediante a superación dunha proba que se realizará na fase de oposición, consistente na redacción dun texto en galego sobre un tema que determine previamente o tribunal.

I.2.2. Tódolos requisitos enumerados nas anteriores bases xerais deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante do proceso selectivo.

A non acreditación do coñecemento da lingua galega nos termos previstos nestas bases suporá o remate do proceso selectivo para o/a candidato/a.

1.3. Solicitudes

I.3.1. As persoas que desexaren tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia que deberá conter, cando menos, os datos que figuran no anexo III.

Xunto coa instancia deberase presentar a seguinte documentación:

a) Unha fotocopia cotexada do DNI ou do pasaporte.

As/os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se for o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de persoa traballadora comunitaria fronteiriza en vigor.

As/os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, quer por residiren no estranxeiro quer por estaren en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou do pasaporte.

As persoas familiares das anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se for o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou o xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos, deberán presentar a acreditación das autoridades competentes do vínculo (os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco), e unha declaración xurada ou promesa da persoa española, da nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea (e da nacional dalgún estado dos demais estados membros da Unión Europea) e da nacional dalgún Estado á que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, coa que existe este vínculo, de que non está separada de dereito da/do súa/seu cónxuxe e, se for o caso, do feito de a persoa aspirante vivir ás súas expensas ou estar ao seu cargo.

b) Orixinal ou fotocopia cotexada da titulación esixida para o posto que aspira.

c) Os aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que soliciten a adaptación de tempo e/ou medios deberán axuntar Dictame Técnico Facultativo emitido polo Órgano Técnico de Valoración que dictaminou o grao de minusvalía.

d) Documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do título do curso de perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no cuarto exercicio.

I.3.2. As solicitudes presentaranse no Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (R/ Eduardo Pondal, 30, 4º, 15702 Santiago de Compostela) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as persoas solicitantes deberán remitir por fax (nº 981 568 713) ao Consorcio unha copia da solicitude, o mesmo día da súa presentación.

O prazo de presentación de solicitudes é de quince días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia.

I.3.3. As persoas candidatas quedan vinculadas aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación antes de que expire o prazo para a presentación de instancias. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

I.3. Admisión de aspirantes

I.3.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, a Xerencia do Consorcio dictará resolución, que se publicará nos termos previstos na base I.4.2, na que se

declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, así como as causas da súa exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, o nome e o número do documento nacional de identidade de cada aspirante.

I.3.2. As/os aspirantes excluídas/os disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Consorcio, para poderen emendar, se for o caso, o defecto que motivase a exclusión.

Unha vez transcorrido o prazo, o presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dictará resolución definitiva, contra a que se poderá interpoñer recurso potestativo ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ao abeiro do previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo. Todo elo sen prexuízo de que se utilice calquera outro recurso que se estime máis conveniente.

I.3.3.O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante esta orde. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivarse da súa participación neste procedemento.

I.3.4. Co fin de garantir unha maior celeridade no seu desenvolvemento, todas as reclamacións e alegacións que formularen as persoas aspirantes unha vez iniciado o proceso selectivo só poderán ser presentadas no Rexistro do Consorcio.

1.4 Publicación das actuacións

Unha vez publicada a convocatoria das probas os restantes anuncios que afecten ao proceso selectivo serán publicados no taboleiro de anuncios do Consorcio

Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e na súa páxina web e, no seu caso, no lugar de celebración das probas.

De ser o caso, os prazos correspondentes computaranse a partir da data da publicación da actuación no taboleiro de anuncios do Consorcio.

II. Proceso selectivo

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo I desta convocatoria.

1º EXERCICIO: de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, con tres (3) respostas alternativas das que só unha delas será a correcta. As preguntas estarán relacionadas co temario xeral e específico anexo á presente convocatoria. O tempo máximo de duración será de corenta e cinco minutos.

Este exercicio cualificarase de 0 a 15 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos. Para iso, terase en conta que por cada dúas respostas incorrectas se descontará unha correcta. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima.

2º EXERCICIO: de carácter eliminatorio, que consistirá no desenvolvemento por escrito de 1 tema elixido polo aspirante de entre dous propostos polo Tribunal, relacionado cos contidos do Temario Anexo á presente convocatoria (temario xeral e específico) nun tempo máximo de 60 minutos.

O Tribunal poderá acordar, si así o estima pertinente, a exposición oral do tema polo candidato, quedando facultado para facer calquera pregunta que considere, relativa ao obxecto do exercicio, durante un tempo máximo de 15 minutos.

Neste exercicio, ademais dos coñecementos teóricos, serán valorados a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade da expresión escrita.

Esta proba cualificarase cun máximo de 15 puntos e para aprobala necesitarase acadar un mínimo de 7,5 puntos.

3º EXERCICIO: de carácter eliminatorio, consistirá na realización, nun tempo máximo de 60 minutos, dun suposto práctico determinado polo Tribunal e relacionado con temario específico Anexo á presente Convocatoria e coas funcións propias do posto técnico convocado.

O Tribunal poderá acordar, si así o estima pertinente, a exposición oral do suposto práctico, quedando facultado para facer calquera pregunta que consideren, relativa ao obxecto do exercicio.

Esta proba cualificarase cun máximo de 15 puntos e para superala e pasar á seguinte fase do proceso necesitarase acadar un mínimo de 7,5 puntos.

4º EXERCICIO: Aquelas persoas que non puideren acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado de realización do curso de perfeccionamento de lingua galega deberán realizar unha proba escrita consistente na redacción dun texto en galego sobre un tema que previamente designe o tribunal e cunha duración máxima de 30 minutos.

II.1. Desenvolvemento dos exercicios

II.1.1. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa identidade.

II.1.2. As/os aspirantes serán convocadas/os para cada exercicio en único chamamento, e será excluída/o da oposición a persoa que non comparecer.

II.1.3. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivera coñecemento de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos por esta convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar a súa exclusión, se proceder.

II.1.4. O lugar de realización das probas anunciarase, unha vez publicada a listaxe de persoas admitidas, nos lugares sinalados no apartado I.4. destas bases.

III. Comisións de selección

A Comisión de selección integrarase por un número impar de membros designados polo presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Tódalas persoas compoñentes da Comisión de selección terán voz e voto.

As persoas membros das comisións de valoración publicaranse no taboleiro de anuncios do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (R/ Eduardo Pondal, 30, 4º, 15702 Santiago de Compostela) e na súa páxina web (<http://www.igualdadebenestar.org>), antes do inicio das probas.

Para a válida actuación da Comisión será precisa a presenza da maioría dos seus membros.

A Comisión de selección está facultada para interpretar as seguintes bases, resolver as dúbidas que se presenten, emendar as lagoas e tomar os acordos necesarios para a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto nestas bases.

As persoas integrantes da Comisión, deberán absterse de intervir no proceso selectivo cando se atopen incursos nalgunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, aquelas nas que conorra algunha causa de abstención, porano en coñecemento do presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o cal resolverá o que proceda.

As persoas interesadas no procedemento selectivo poderán promover a recusación dos/as integrantes da Comisión de conformidade co previsto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

IV. Listaxe de persoas aprobadas e nomeamento

IV.1. Rematadas as probas de selección, o presidente do tribunal fará públicas as relacións definitivas de persoas aspirantes aprobadas.

Enténdese que supera as probas selectivas, a persoa aspirante que obteña unha maior puntuación unha vez sumadas as puntuacións dos distintos exercicios. En caso de empate, enténdese que supera as probas a persoa aspirante que obtivo maior puntuación no terceiro exercicio; de continuar o empate terase en conta a puntuación obtida no segundo exercicio, e de persistir o empate terase en conta a nota do primeiro exercicio.

IV.2 Non poderán superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

IV.3. Por resolución da Xerencia do Consorcio Galego do Servizo de Igualdade e Benestar publicarase como definitiva a proposta de persoas aspirantes aprobadas polo Tribunal.

IV.5. Presentada a documentación anterior as persoas aspirantes seleccionadas asinarán co Consorcio Galego do Servizo de Igualdade e Benestar os correspondentes contratos, de acordo co previsto no anexo I desta convocatoria.

V. Norma derradeira

Os actos administrativos que derivaren desta convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma que estableza a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, a Administración poderá, se for o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal conforme o previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, sete de Agosto de 2007.

Anxo Manuel Quintana González

Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

ANEXO I

DESCRIPCIÓN DAS FUNCIÓNS DAS PRAZAS CONVOCADAS

NÚMERO DE PRAZAS	1
DENOMINACIÓN DA PRAZA	Director/a da área de Igualdade
TITULACIÓN REQUIRIDA	Licenciatura universitaria
COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	Certificado de perfeccionamento en lingua galega
MODALIDADE CONTRACTUAL	Laboral fixo
FUNCIÓNS	<ul style="list-style-type: none">• Exercer a xefatura e coordinación xeral do Departamento, coas obrigas derivadas disto.• Coordinar e Supervisar a actividade do persoal adscrito ó servizo.• Propoñer e deseñar as políticas a desenvolver na área.• Elaborar as propostas orzamentarias e normativas do departamento, así como supervisar o seu cumprimento.• Asumir a responsabilidade na organización, control e coordinación das actividades e eventos no ámbito da súa área.• Calquera outra que defina a normativa de funcionamento interno e/ou os órganos directivos do Consorcio.

NÚMERO DE PRAZAS	1
DENOMINACIÓN DA PRAZA	Director/a da área de Benestar
TITULACIÓN REQUIRIDA	Licenciatura universitaria
COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	Certificado de perfeccionamento en lingua galega
MODALIDADE CONTRACTUAL	Laboral fixo
FUNCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Exercer a xefatura e coordinación xeral do Departamento, coas obrigas derivadas disto. • Coordinar e Supervisar a actividade do persoal adscrito ó servizo. • Propoñer e deseñar as políticas a desenvolver na área. • Elaborar as propostas orzamentarias e normativas do departamento, así como supervisar o seu cumprimento. • Asumir a responsabilidade na organización, control e coordinación das actividades e eventos no ámbito da súa área. • Calquera outra que defina a normativa de funcionamento interno e/ou os órganos directivos do Consorcio.

ANEXO II – TEMARIO DOS PROGRAMAS FASE DE OPOSICIÓN

PROGRAMA Nº 1. Director/a da área de Igualdade

PARTE COMÚN:

Tema 1: A Constitución Española de 1978. Os principios constitucionais. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Os dereitos fundamentais. Garantías e tutela. A participación social na actividade do estado. A reforma constitucional.

Tema 2: A Coroa. Sucesión e rexencia. As atribucións do Rei. As Cortes Xerais. O Congreso dos Deputados e o Senado. Composición e funcións. O control parlamentario do Goberno en España.

Tema 3: Procedemento de elaboración e aprobación das leis. Órganos de control da Administración: o Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo.

Tema 4: Estatuto de Autonomía de Galicia. Estructura e contido. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede. A Administración de xustiza en Galicia.

Tema 5: O Goberno da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Tema 6: O Parlamento de Galicia. Sistema electoral. Funcións do Parlamento. O control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 7: As competencias da Xunta de Galicia: a reserva de competencias ao Estado do artigo 149. A atribución estatutaria de competencias; a cláusula de cerre do artigo 149.3. Os límites xerais das competencias; a súa efectividade.

Tema 8: As competencias exclusivas: a súa relativización. As competencias normativas: as leis da comunidade autónoma; o seu rango e posición constitucional. O principio de competencia nas relacións entre o ordenamento estatal e autonómico. Educación non universitaria. Saúde pública. Sanidade interior. Seguridade Social. Traballo e emprego. Familia, infancia e adolescencia.

Tema 9: A Constitución e a acción exterior do Estado. Os tratados internacionais. As comunidades autónomas e a acción exterior do Estado.

Tema 10: Fontes do dereito comunitario. Tipoloxía, características e efectos. A integración do dereito comunitario en España.

Tema 11: As competencias de Comunidade. O marco de atribucións concedidas polos tratados. O desenvolvemento das competencias comunitarias. As relacións entre a competencia comunitaria e a competencia nacional. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio.

Tema 12: A Administración instrumental. Os organismos públicos. Administración corporativa. As sociedades públicas. Os consorcios e as fundacións.

Tema 13: A Administración institucional na Comunidade Autónoma galega. As corporacións de dereito público de Galicia. As fundacións de interese galego. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Os seus Estatutos.

Tema 14: A Lei de Servizos Sociais de Galicia. O sistema de servizos sociais e a súa prestación. Competencias.

Tema 15: A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: ámbito de aplicación. Principios informadores.

Tema 16: O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A notificación e publicación dos actos administrativos.

Tema 17: Procedemento administrativo: iniciación, ordenación e instrución e remate do procedemento. O silencio administrativo. Os recursos administrativos.

Tema 18: A Lei de contratos. Ámbito de aplicación. Requisitos para contratar coa Administración. Actuacións administrativas preparatorias. Procedemento e forma de adxudicación. Perfección dos contratos.

Tema 19: Execución dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción dos contratos. Os contratos en particular: obras, subministracións, prestación de servizos á Administración.

Tema 20: A responsabilidade patrimonial das administracións públicas: réxime vixente. Requisitos para que proceda a indemnización. Responsabilidade das autoridades e funcionarios.

Tema 21: A función pública galega (I). Persoal funcionario e persoal laboral. Sistemas de acceso. Provisión de postos de traballo. Promoción. A carreira administrativa. Situacións administrativas dos funcionarios.

Tema 22: A función pública galega (II). Os dereitos. Os dereitos de sindicación e folga. A Seguridade Social. Deberes. Réxime de incompatibilidades. Responsabilidade e réxime disciplinario. Extinción da relación funcionarial.

Tema 23: O Estatuto dos Traballadores. Dereitos e deberes laborais básicos. Elementos e eficacia do contrato de traballo. Contido do contrato de traballo. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

Tema 24: As administracións locais: a posición constitucional dos municipios e provincias. Distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas sobre Administración local.

Tema 25: O municipio. Poboación municipal, organización e competencias. Eleccións municipais.

Tema 26: A provincia: organización e competencias. Outras entidades locais. Especial referencia á comarca e á parroquia.

Tema 27: O financiamento das CCAA. Principios e recursos financeiros. Tributos propios e cedidos. A corresponsabilidade fiscal.

Tema 28: O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A Facenda da Comunidade.

Tema 29: Os orzamentos da comunidade autónoma. concepto e natureza. Contido. Estrutura. Elaboración. Aprobación. créditos. Transferencias. Outras modificacións orzamentarias.

Tema 31: O procedemento de execución orzamentaria. Fases.

Tema 32: O control orzamentario. Concepto. Natureza e ámbito de aplicación. Clases. O Consello de Contas.

Tema 33: O dereito tributario: concepto e contido. Fontes.. A Lei xeral tributaria: principios xerais.

Tema 34: Os tributos propios: ICA e canon de saneamento. Taxas e prezos. Lei de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 35: O financiamento das comunidades autónomas. Principios. Sistemas de financiamento das comunidades autónomas de réxime común. O Fondo de Compensación. Financiamento da Unión Europea. Outros recursos de carácter finalista.

Tema 36: A Función Directiva. Concepto. Análise dos diferentes modelos de dirección. Funcións claves de dirección.

Tema 37: O directivo público. Clases de directivos na Administración Pública. A vinculación cos intereses públicos e as políticas públicas. A formación do directivo público.

Tema 38: Motivación laboral. Concepto e teorías de motivación humana aplicadas ao mundo laboral. Ferramentas de motivación. Programas de motivación.

Tema 39: Identificación de necesidades formativas. A transferencia de coñecementos. Pre-formación: directivos, formadores e alumnos.

Tema 40: Normativa sobre prevención de riscos laborais. A Lei de prevención de riscos laborais e as súas disposicións de desenrolo e complementarias.

PARTE ESPECÍFICA:

Tema 41: A acción positiva: o principio de igualdade, non discriminación e a acción positiva. Base legal das accións positivas.

Tema 42: Mainstreaming de xénero: conceptualización. Metodoloxía de aplicación. Plans de actuación.

Tema 43: Os orzamentos públicos dende unha perspectiva de xénero. Concepto. Pautas para a investigación.

Tema 44: Mulleres e mercado laboral. A perspectiva de xénero na cultura organizativa. A valoración do posto de traballo.

Tema 45: O impacto de xénero. Fundamentación. Instrumentos de análise. Impacto de xénero nas políticas públicas.

Tema 46: Dimensión dos informes de xénero. Elementos. Obstáculos e propostas para o seu desenrolo.

Tema 47: O papel de linguaxe na representación da realidade. Diferenzas de xénero na linguaxe. Linguaxe sexista na Administración Pública.

Tema 48: A Igualdade nas Políticas Públicas. O contexto internacional, europeo e español. As políticas de igualdade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 49: A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Tema 50: A xestión da igualdade no ámbito do emprego, a conciliación, a violencia de xénero e a participación social. A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Tema 51: A violencia de cara ás mulleres. Xeralidades. Factores. Consecuencias. Programas de avaliación e intervención.

Tema 52: Tratamento penal da violencia de xénero. Orden de protección ás vítimas.

Tema 53: A Lei Orgánica integral de medidas contra a violencia de xénero. Introducción. Medidas. Dereitos das vítimas. Especial referencia aos dereitos laborais e seguridade social.

Tema 54: Os xulgados de violencia sobre a muller. O fiscal contra a violencia de xénero. A tutela institucional.

Tema 55: O acoso sexual: consideración xerais sobre o acoso sexual no ámbito laboral. Prevención e actuación. Aspectos legais.

Tema 56: Mediación familiar. Aspectos xerais. Ámbito de aplicación. Contrato de mediación. O proceso de mediación. Réxime xurídico e canalización dos acordos.

Tema 57: Elaboración de estudos sobre as mulleres. Deseño. Fases. Implementación. Indicadores básicos nos estudos sobre as mulleres.

Tema 58: A realidade social das mozas no contexto europeo. As mozas e o asociacionismo xuvenil.

Tema 59: Intervención comunitaria en xuventude e muller.

Tema 60: A infancia. Realidade actual da Primeira Infancia: características. Relacións pais - fillos; preocupación educativa. Dereito á educación na Constitución española.

Tema 61: Regulación e ordenación da Educación Infantil na LOE. A Educación Infantil, primeira etapa do sistema educativo: obxectivos, organización, estrutura. Contido curricular. Requisitos mínimos.

Tema 62: A situación sociolingüística: definición e descrición. Papel dinamizador da escola.

Tema 63: A lexislación lingüística no ensino infantil: a Lei de normalización lingüística e o Decreto 329, do 28 de xullo de 2005, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. O Plan xeral de normalización da lingua galega. A normalización lingüística como elemento transversal nas estratexias educativas.

Tema 64: Funcións do Directivo. Condicións para mellorar a produtividade

Tema 65: Competencias, habilidades e ferramentas para dirixir persoas. Xestión de equipos. Técnicas de comunicación persoal. Técnicas de negociación. Dirección de reunións. Sistemas de motivación.

Tema 66: A formación e o adestramento como ferramentas de dirección. Conceptos: similitudes e diferenzas. Responsabilidade sobre a formación. Execución do adestramento.

Tema 67: A función de compras. Relación comprador-proveedor. O control do cumprimento de condicións. Xustificantes e documentos das operacións de compravenda.

Tema 68: A familia como primeiro axente de socialización. Relacións da escola infantil coas familias dos/as escolares e a comunidade.

Tema 69: Principio de intervención educativa de educación infantil. O enfoque globalizador. Sentido e significado da aprendizaxe. Unha metodoloxía baseada na observación e na experimentación. A concreción no marco do proxecto curricular.

PROGRAMA Nº 2. Director/a da área de Benestar

PARTE COMÚN:

Tema 1: A Constitución Española de 1978. Os principios constitucionais. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Os dereitos fundamentais. Garantías e tutela. A participación social na actividade do estado. A reforma constitucional.

Tema 2: A Coroa. Sucesión e rexencia. As atribucións do Rei. As Cortes Xerais. O Congreso dos Deputados e o Senado. Composición e funcións. O control parlamentario do Goberno en España.

Tema 3: Procedemento de elaboración e aprobación das leis. Órganos de control da Administración: o Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo.

Tema 4: Estatuto de Autonomía de Galicia. Estructura e contido. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede. A Administración de xustiza en Galicia.

Tema 5: O Goberno da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Tema 6: O Parlamento de Galicia. Sistema electoral. Funcións do Parlamento. O control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 7: As competencias da Xunta de Galicia: a reserva de competencias ao Estado do artigo 149. A atribución estatutaria de competencias; a cláusula de cerre do artigo 149.3. Os límites xerais das competencias; a súa efectividade.

Tema 8: As competencias exclusivas: a súa relativización. As competencias normativas: as leis da comunidade autónoma; o seu rango e posición constitucional. O principio de competencia nas relacións entre o ordenamento estatal e autonómico. Educación non universitaria. Saúde pública. Sanidade interior. Seguridade Social. Traballo e emprego. Familia, infancia e adolescencia.

Tema 9: A Constitución e a acción exterior do Estado. Os tratados internacionais. As comunidades autónomas e a acción exterior do Estado.

Tema 10: Fontes do dereito comunitario. Tipoloxía, características e efectos. A integración do dereito comunitario en España.

Tema 11: As competencias de Comunidade. O marco de atribucións concedidas polos tratados. O desenvolvemento das competencias comunitarias. As relacións entre a competencia comunitaria e a competencia nacional. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio.

Tema 12: A Administración instrumental. Os organismos públicos. Administración corporativa. As sociedades públicas. Os consorcios e as fundacións.

Tema 13: A Administración institucional na Comunidade Autónoma galega. As corporacións de dereito público de Galicia. As fundacións de interese galego. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Os seus Estatutos.

Tema 14: A Lei de Servizos Sociais de Galicia. O sistema de servizos sociais e a súa prestación. Competencias.

Tema 15: A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: ámbito de aplicación. Principios informadores.

Tema 16: O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A notificación e publicación dos actos administrativos.

Tema 17: Procedemento administrativo: iniciación, ordenación e instrución e remate do procedemento. O silencio administrativo. Os recursos administrativos.

Tema 18: A Lei de contratos. Ámbito de aplicación. Requisitos para contratar coa Administración. Actuacións administrativas preparatorias. Procedemento e forma de adxudicación. Perfección dos contratos.

Tema 19: Execución dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción dos contratos. Os contratos en particular: obras, subministracións, prestación de servizos á Administración.

Tema 20: A responsabilidade patrimonial das administracións públicas: réxime vixente. Requisitos para que proceda a indemnización. Responsabilidade das autoridades e funcionarios.

Tema 21: A función pública galega (I). Persoal funcionario e persoal laboral. Sistemas de acceso. Provisión de postos de traballo. Promoción. A carreira administrativa. Situacións administrativas dos funcionarios.

Tema 22: A función pública galega (II). Os dereitos. Os dereitos de sindicación e folga. A Seguridade Social. Deberes. Réxime de incompatibilidades. Responsabilidade e réxime disciplinario. Extinción da relación funcional.

Tema 23: O Estatuto dos Traballadores. Dereitos e deberes laborais básicos. Elementos e eficacia do contrato de traballo. Contido do contrato de traballo. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

Tema 24: As administracións locais: a posición constitucional dos municipios e provincias. Distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas sobre Administración local.

Tema 25: O municipio. Poboación municipal, organización e competencias. Eleccións municipais.

Tema 26: A provincia: organización e competencias. Outras entidades locais. Especial referencia á comarca e á parroquia.

Tema 27: O financiamento das CCAA. Principios e recursos financeiros. Tributos propios e cedidos. A corresponsabilidade fiscal.

Tema 28: O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A Facenda da Comunidade.

Tema 29: Os orzamentos da comunidade autónoma. concepto e natureza. Contido. Estrutura. Elaboración. Aprobación.

Tema 30: Modificacións orzamentarias. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos. Transferencias. Outras modificacións orzamentarias.

Tema 31: O procedemento de execución orzamentaria. Fases.

Tema 32: O control orzamentario. Concepto. Natureza e ámbito de aplicación. Clases. O Consello de Contas.

Tema 33: O dereito tributario: concepto e contido. Fontes.. A Lei xeral tributaria: principios xerais.

Tema 34: Os tributos propios: ICA e canon de saneamento. Taxas e prezos. Lei de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 35: O financiamento das comunidades autónomas. Principios. Sistemas de financiamento das comunidades autónomas de réxime común. O Fondo de Compensación. Financiamento da Unión Europea. Outros recursos de carácter finalista.

Tema 36: A Función Directiva. Concepto. Análise dos diferentes modelos de dirección. Funcións claves de dirección.

Tema 37: O directivo público. Clases de directivos na Administración Pública. A vinculación cos intereses públicos e as políticas públicas. A formación do directivo público.

Tema 38: Motivación laboral. Concepto e teorías de motivación humana aplicadas ao mundo laboral. Ferramentas de motivación. Programas de motivación.

Tema 39: Identificación de necesidades formativas. A transferencia de coñecementos. Pre-formación: directivos, formadores e alumnos.

Tema 40: Normativa sobre prevención de riscos laborais. A Lei de prevención de riscos laborais e as súas disposicións de desenvolvemento e complementarias.

PARTE ESPECÍFICA:

Tema 41: Marco legal dos Servizos Sociais na Constitución e no Estatuto de Autonomía. A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Tema 42: O desenvolvemento legislativo en Galicia en materia de servizos sociais. A Lei de Servizos Sociais de Galicia.

Tema 43: A política social da Unión Europea: influencias.

Tema 44: O traballo social. Modelos de intervención. Metodoloxías.

Tema 45: As prestacións económicas públicas. Tipos. Xestión.

Tema 46: O traballo social con grupos. Concepto. Tipos de grupos: autoaxuda, acción social. Rol do profesional.

Tema 47: O traballo social familiar. A familia como referente individual. A intervención coa familia.

Tema 48: A prevención: importancia no traballo social.

Tema 49: O servizo de atención a domicilio.

Tema 50: A intervención cos nenos e nenas: detección e prevención. A protección de menores. Normativa.

Tema 51: Programas de actividades para a mocidade. A acción social preventiva de condutas de risco.

Tema 52: Recursos sociais para a infancia e a adolescencia en situación de maltrato ou desamparo.

Tema 53: A vellez. Lexislación. Servizos e recursos

Tema 54: O concepto de envellecemento activo nas políticas das Persoas Maiores. A situación das Persoas Maiores con risco. Propostas de solución dende os Servizos Sociais.

Tema 55: Os diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais. Problemática. Recursos. Papel dos servizos sociais

Tema 56: Propostas de actuación no ámbito da accesibilidade como acción social para unha mellor integración dos diminuídos na sociedade.

Tema 57 : Inmigración: problemas derivados desta situación e a súa solución dende os servizos sociais. Interculturalidade: concepto e importancia nos servizos sociais.

Tema 58: Drogodependencias. Problemas e recursos. Marxinación social. Integración social: concepto, proceso. Exclusión social: causas, políticas sociais

Tema 59: Recursos para a reinserción social dos grupos marxinais e minoritarios.

ANEXO III MODELO DE INSTANCIA

(Cubrir un modelo por cada unha das prazas as que se presente a/o candidata/o)

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso selectivo da praza de _____ a que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e as especialmente sinaladas na convocatoria. Achégase a documentación relativa á fase de concurso (orixinais ou copias compulsadas), así como unha fotocopia de DNI.

DATOS PERSOAIS

DNI:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DATA DE NACEMENTO:

TELÉFONO DE CONTACTO/TELÉFONO MÓBIL:

DOMICILIO

Enderezo:

Rúa ou praza / Número:

Código postal:

CONCELLO:

PROVINCIA:

NACIONALIDADE:

TEN A CONDICIÓ DE DISCAPACITADO: SI NON

SINALE O GRAO DE DISCAPACIDADE: _____%

NECESITA ADAPTACIÓN DE TEMPOS E/OU MEDIOS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS: SI NON

ESPECIFICAR OS MEDIOS DE ADAPTACIÓN _____

TÍTULO ACADÉMICO REQUIRIDO PARA O POSTO

Nome:

Nome do centro e localidade:

Ano de expedición:

CURSOS REALIZADOS QUE ACREDITEN O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Nome:

Nome do centro e localidade:

Ano de expedición:

Santiago, a, de xullo de 2007

(SINATURA)

A instancia acompáñase de:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- Orixinal ou fotocopia cotexada da titulación esixida para o posto que aspira.
- Dictame Técnico Facultativo emitido polo Órgano Técnico de Valoración que dictaminou o grao de minusvalía.

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse ao ficheiro automatizado do que é titular o **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social**, denominado ficheiro de "**candidatos de emprego**", con enderezo en r/ Eduardo Pondal, 30, 4º, 15702, Santiago de Compostela. Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola Lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co proceso de selección para o ingreso como persoal laboral temporal do Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar